

CONCELLO  
DE VIGO



Secretaría do Goberno Local

OFICINA DE ASISTENCIA EN  
MATERIA DE REXISTRO E  
INFORMACION (OAR)

Exp: 2602-232

**ASUNTO:** Elaboración de instrución relativa a tramitación de volantes e certificados do padrón emitidos mediante actuación automatizada por parte da Oficina de asistencia en materia de rexistro e información do Concello de Vigo.

## INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

### ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 18 de marzo de 2024 e posterior de data 1 de abril de 2024, declarouse como actuación administrativa automatizada a emisión dos certificados de empadramento (BOPPO nº70, do 10.04.2024).

SEGUNDO.- Con data 16/07/2024 incoouse expediente para a elaboración de instrución relativa a tramitación de volantes e certificados do padrón emitidos mediante actuación automatizada por parte da Oficina de asistencia en materia de rexistro e información do Concello de Vigo.

TERCEIRO: Por parte da OAR elaborouse con data 18/07/2024 a Instrución 1/2024 relativa a tramitación de volantes e certificados do Padrón Municipal mediante actuación administrativa automatizada.

### FUNDAMENTOS XURIDICOS

Primeiro.- Normativa aplicable:

- Constitución Española de 1978 (CE).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRSAL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional
- Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra nº 195 do venres 8 de outubro de 2021.

Segundo.- Consideracións Xurídicas:

As entidades locais, como entidades públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias, teñen a capacidade de planificar e autoorganizarse para a xestión eficiente dos seus servizos (artigo 4 LBRL).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/12/2024 09:55

Páxina 1 de 5

2602-232

CSV: A6A6C2-2H8488-DAA34D-P1J2KV-GMYD3M-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO  
DE VIGO



Secretaría do Goberno Local

OFICINA DE ASISTENCIA EN  
MATERIA DE REXISTRO E  
INFORMACION (OAR)

Corresponde á Secretaría do Goberno Local calquera organización e tratamentos en canto a Oficina de asistencia en materia de rexistro e información do Concello de Vigo, tanto como oficina, como instrumento administrativo de xestión das entradas e saídas do Concello de Vigo. Dunha forma paralela corresponde ao Servizo de Administración Electrónica cantas valoracións técnicas e xurídicas sexan precisas para facer efectivo tal fin na súa condición de servizo garante da transición á Administración Dixital.

As importantes e rápidas transformacións que a implantación da administración electrónica está supoñendo no eido local, esixen unha importante revisión dos procedementos e actuacións habituais.

Na mesma liña, o marco legal imposto polas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) e 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJXP), requiren novas dinámicas de funcionamento que permitan optimizar os tempos de traballo e racionalizar a xestión dos recursos na procura dun mellor servizo público.

O Concello de Vigo está involucrado nun proceso continuo de modernización administrativa tendente a impulsar e mellorar a eficiencia e eficacia da xestión municipal co fin de facilitarlle á cidadanía un acceso áxil aos servizos.

Para o seu logro, aprobouse mediante resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 18 de marzo de 2024 e posterior de data 1 de abril de 2024 actuación administrativa automatizada para a emisión dos certificados de empadronamento no Concello de Vigo.

Esta actuación administrativa automatizada supón unha clara mellora ao acceso por parte da cidadanía a xestión dun trámite cun elevado nivel de demanda, axilizando a xestión dos expedientes administrativos e garantindo a dispoñibilidade dos servizos electrónicos, permitindo ofrecer unha resposta administrativa inmediata que permite atender mellor as súas necesidades.

Tala implantación da emisión dos certificados de empadroamento como actuación administrativa automatizada e co obxecto de avanzar na xestión e simplificación administrativa, considérase convinte ao interese xeral que a Oficina de asistencia en materia de rexistro e información do Concello de Vigo colabore na tramitación de volantes e de certificados de empadroamento que se emitan como actuación administrativa automatizada.

**Terceiro.-** Do órgano competente: Correspóndelle a competencia de resolución á Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación mediante Resolucións da Alcaldía de 28/06/2024, indicando que lle compete dirixir a xestión do Padrón Municipal de Habitantes efectuando a través dos medios informáticos axeitados as actuacións e operacións necesarias para a súa actualización e revisión, así como propor medidas e accións para incrementar o acceso e utilización da información e mellorar a atención á cidadanía respecto dos servizos que presta e, en xeral, sobre a cidade de Vigo en todos aqueles temas de interese para a cidadanía.

Polo exposto, fórmulase a seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2024 09:55	Páxina 2 de 5
2602-232	CSV: A6A6C2-2H8488-DAA34D-P1J2KV-GMYD3M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CONCELLO  
DE VIGO



Secretaría do Goberno Local

OFICINA DE ASISTENCIA EN  
MATERIA DE REXISTRO E  
INFORMACION (OAR)

## PROPOSTA DE RESOLUCION

**PRIMEIRO:** Aprobar a instrución 1/2024, relativa a tramitación de volantes e certificados do padrón mediante actuación automatizada segundo se achega no ANEXO I.

**SEGUNDO:** Publicar a presente instrución na intranet e sede electrónica.

XVCT/

Data da sinatura dixital

A Secretaria de Goberno Local.- Susana Gallardo Fariña

Conforme: A Concelleira Delegada de Atención Cidadá, Patricia Iglesias López (Resolución da Alcaldía delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 129 do 9.07.2024).

**DECRETO:** Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 modificada por Resolución de data 28.06.2024 e Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 129 de data 9.07.2024)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/12/2024 09:55

Páxina 3 de 5

2602-232

CSV: A6A6C2-2H8488-DAA34D-P1J2KV-GMYD3M-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO  
DE VIGO



Secretaría do Goberno Local

OFICINA DE ASISTENCIA EN  
MATERIA DE REXISTRO E  
INFORMACION (OAR)

## ANEXO I

Exp: 2602-232

### INSTRUCCIÓN 1/2024 RELATIVA A TRAMITACIÓN DE VOLANTES E CERTIFICACIÓNS DO PADRÓN MUNICIPAL MEDIANTE ACTUACIÓN AUTOMATIZADA .

Por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 18 de marzo de 2024 e posterior de data 1 de abril de 2024 declarouse como actuación administrativa automatizada a emisión dos certificados de empadramento (BOPPO nº70, do 10.04.2024).

A actuación administrativa automatizada dos certificados de empadramento supón unha clara mellora ao acceso por parte da cidadanía a xestión dun trámite cun elevado nivel de demanda, axilizando a xestión dos expedientes administrativos e garantindo a dispoñibilidade dos servizos electrónicos, permitindo ofrecer unha resposta administrativa inmediata que permite atender mellor as súas necesidades.

Actualmente a expedición de certificados de empadramento realízase polo Servizo de Estatística, previa solicitude do interesado a través dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo o artigo 211.1.p) da Ordenanza de Administración Electrónica do Concello establece que as oficinas de asistencia en materia de rexistro prestarán o seu apoio e impulso aos procedementos dixitais e garantirán que todas as persoas interesadas poidan relacionarse a través de medios electrónicos, ao prestaren as funcións atribuídas legalmente e calquera outra que se derive da normativa vixente ou se determine regulamentariamente ou a través de instrucións do servizo e que se vincule ao impulso da administración dixital e a asistencia á cidadanía.

Trala implantación dos certificados de empadramento como actuación administrativa automatizada e co obxecto de avanzar na xestión e simplificación administrativa e mellora da asistencia á cidadanía propónse a ao abeiro do artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e artigo 21.1.p) da Ordenanza de Administración Electrónica do Concello propónse a seguinte

#### INSTRUCCIÓN 1/2024, RELATIVA A TRAMITACIÓN DE VOLANTES E CERTIFICADOS DO PADRÓN MEDIANTE ACTUACIÓN AUTOMATIZADA.-

##### 1.- Canais de solicitude e expedición de certificados de empadramento

A expedición dos certificados de empadramento mediante actuación administrativa automatizada efectuarase a instancias dos interesados, mediante a presentación dunha solicitude por algún dos seguinte canais:

- Na sede electrónica do Concello de Vigo:  
<https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramitescat.jsp?id=82&lang=ga>
- Presencialmente na oficina de asistencia en materia de rexistro do Concello de Vigo
- A través do teléfono de información municipal do 010.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/12/2024 09:55

Páxina 4 de 5

2602-232

CSV: A6A6C2-2H8488-DAA34D-P1J2KV-GMYD3M-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Cando a solicitude se realice a través do teléfono 010 ou sen identificación electrónica da persoa interesada, o certificado se remitirá por notificación electrónica, ou por correo postal certificado ao domicilio de empadramento para garantir a confidencialidade dos datos persoais ou poderá recollerse de xeito presencial pola persoa interesada na oficina de asistencia en materia de rexistro do Concello de Vigo.

2.- Habilitar a Oficina de asistencia en materia de rexistro do Concello de Vigo a tramitación de volantes e de certificados de empadramento que se emitan por actuación administrativa automatizada, agás os referidos a períodos anteriores ao ano 1991 e aquelas outras que non se poidan obter de forma automática por ser preciso acudir a informacións ou datos que non estean aínda automatizados.

Vigo, en data sinatura dixital



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2024 09:55	Páxina 5 de 5
2602-232	CSV: A6A6C2-2H8488-DAA34D-P1J2KV-GMYD3M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		